

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A casiña do Rei

Agora só é unha pedra cos rebaixes onde supostamente apoiaban as trabes, situada no monte comunal de Parada, en Lobeira (Ourense), pero antes foi unha casa, "a Casiña do Rei", e hai quen supón que realmente alí estivo agachado, fuxindo de intrigas pancegas, o rei de León e Galicia Afonso IX polo ano 1188, e que en agradecemento concedeu a Lobeira o foro municipal datada no 1228.

Cando era casa vivía nela un labrego moi rico. Disque tiña trece becerros pacendo na Cabreira, terras que lle daban pan para todo o ano e tantas ovellas que aínda non saíran as últimas da corte e xa estaban as primeiras en Salgueiro.

Este labrego rico tiña unha filla moi bonita e unha vez presentáronse na porta da casa un fato de militares pedidno pousada. O labrego recibíunos e fíxolles acomodo pero agachou a filla onde non a visen por medo a que se enredasen con ela.

Pasaron días ata que un daqueles homes lle revelou ao labrego que entre eles estaba o rei. O home dixo que se aledaba pero ao mesmo tempo tomouno un desasosego; os visitantes non marchaban:

□¿Que tes? □preguntoulle o rei□. ¿Que é o que tanto te desacouga?

Entón, o labrego, confesoulle como tiña a filla escondida por medo a que correse algún perigo. Inmediatamente o rei chamou a todos os seus homes e fíxolles esta advertencia:

□Este home ten un filla e por medo a vosoutros tena escondida. A partir de hoxe vai saír dos seu escondedoiro

pero se algún se atreve a facerlle dano ou sequera a mirar para ela, mándoo matar.

E así vos foi. Pasaron moitos máis días en tranquilidade ata que chegou o da despedida e díxolle o rei ao labrego:

□Estivemos moito tempo na túa casa e fuches moi bo connosco. Dime o que queres, que cho concedo.

□Eu non quero nada □respondeu o labrego. Cando deus dá, dá para todos.

Pero o rei insistiu ata que o labrego se decidiu a pedir. E dixo:

□Pois entón pídlle que Lobeira non dea soldados ao rei e que non pague a contribución.

E, polo visto, o rei concedeuullo.

Nunha variante desta lenda (Véxase LORENZO, X., Foro de Lobeira) o rei era de Ourense e agradecido polo bo trato que lle deran, berrou:

-¡Lobería, Vila Real!

Véxase o documento: □Os tres irmáns da Casiña do Rei□

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

LORENZO FERNÁNDEZ, X., «Algunas habitaciones de pastores en la Sierra del Leboeiro», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.

LORENZO FERNÁNDEZ, X., «Foro de Lobeira», en Archivos do Seminario de Estudos Galegos, V, Santiago de Compostela, 1930.